

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN


### XIII MAÑÁS DE CAMPAMENTOS. CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN. CULLEREDO 2012".



#### HORARIOS

- A actividade: "Mañás de campamentos", realizarase desde as **9:00h** ata as **14:00h** ( ou ata as **15:30h** no caso de que teñan praza con xantar) nos recintos escolares especificados na convocatoria. As familias deben **ser puntuais á entrada e á saída**.
- O servizo de monitores **non** se fará responsable dos nenos/as que non son recollidos en tempo, e non se permitirá a entrada a ningún neno ou nena que chegue tarde, pechando as portas de acceso as instalacións ás 9:15h e de saída ás 14:00h (15:30h no caso de prazas con xantar).

#### ENTRADA E SAÍDA DOS NENOS E NENAS



- As familias deixarán e recollerán ao neno/a no lugar indicado polos monitores e monitoras: **non poderán deambular polas instalacións dos centros sen autorización do coordinador do campamento.**
- Ao rematar o campamento, **os nenos e nenas serán entregados a aquel adulto autorizado a recollelos**. Si algún día os recolle unha persoa diferente á indicada nos impresos, a nai-pai-titor deberá facelo constar nun escrito asinado que entregará ao responsable do campamento con antelación suficiente.
- Ningún menor poderá **abandonar o recinto do campamento** sen autorización do director/a ou coordinador/a do mesmo, e sempre o fará acompañado dos seus pais ou un adulto que presente unha **autorización por escrito** do responsable do antedito neno/a ao director/a do campamento.

#### EN CASO DE ACCIDENTE OU DOENZA



- Si un neno/a ponse **enfermo/a** durante as actividades do campamento o responsable do mesmo chamará á familia para que pasen a recollelo **antes dunha hora**.
- Si se **lesiona** de importancia, chamarase á familia e acudirase o antes posible ao centro médico máis próximo co neno/a, ou chamarase unha ambulancia, de selo caso.
- Si un neno/a ten feble ou se atopa mal antes do inicio da actividade, polo seu ben e polo de todos, non envíe ao seu fillo ou filla ao campamento.

#### COMUNICACIÓN ENTRE FAMILIAS E CAMPAMENTO



- **Durante a realización dos campamentos, o pai/nai/titor deberá ter, en todo momento un teléfono operativo onde poidan ser localizados para comunicarlles calquera incidencia que se produza.**
- Poñerase a disposición das familias un número de teléfono (na páxina web e na entrada do campamento) ao que poderán chamar en caso de necesidade, para

comunicar calquera incidencia que teña que ver co campamento e o seu fillo: ausencia, acudir a consulta médica etc.

### UTILIZACIÓN DE MÓVILES E OUTROS APARATOS ELECTRÓNICOS

- Non está permitido levar **aparatos electrónicos** durante a celebración das actividades (móbil, consola etc).

### PERDA DE OBXECTOS

- A organización non se fai responsable da perda de obxectos durante a celebración do campamento.

### EQUIPAMENTO DOS PARTICIPANTES



- Recomendamos a todos/as os/as participantes que leven sempre o **equipamento** que se lles facilitará ao inicio das actividades, así como **roupa cómoda e calzado axeitado**(non se admiten chanclas descalzas)fácil de sacar e poñer.



- Todos os días, os/as participantes deben levar unha pequena **mochila con auga e unha merenda** ( galletas, bocadillo, froita..) e un bañador, chanclas e toalla para utilizar no caso dos xogos con auga, e crema solar e unha viseira para xogos no exterior.
- No caso de ter praza con xantar, levar **cepillo de dentes e crema**.
- É conveniente que teñan as súas pertenzas **rotuladas** co nome.
- No caso de necesitar material de refugallo para traballar nos distintos obradoiros, se pedirá con tempo a todas as familias.

### NORMAS DE COMPORTAMENTO

- Co fin de favorecer a convivencia e o bo fin das actividades débense respectar unhas normas mínimas de comportamento nos campamentos podendo ser expulsado do mesmo calquera participante que **non teña un comportamento axeitado** (agredir, insultar, menosprezar, furtar, causar destrozos...) ás actividades propias deste campamento, previa audiencia á familia.



- No caso de aqueles nenos/as que presenten dificultades de adaptación as actividades que se desenvolven,e previo acordo do equipo de monitores, dirección do campamento e coordinadora do programa,serán citadas as súas familias a unha entrevista na que se adoptarán aquelas medidas mais axeitadas para o correcto desenvolvemento do campamento, podendo tomar a decisión, incluso, de apartar ao neno/a da actividade.

- Os/as participantes serán atendidos permanentemente por **persoal titulado e especializado** durante o desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.

- Para o correcto funcionamento destas actividades, todos e todas debemos colaborar activamente no cumprimento destas normas de convivencia.